

Evidencia de:
Máster en Tradución Multimedia

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Denominación del Título
Máster en Tradución Multimedia

Centro
Facultade de Filoloxía e Tradución

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Autoinforme provisional. Órgano de aprobación

Comisión de Calidade

Fecha

09 / 29 / 2014

Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación

Xunta de Facultade

Fecha

10 / 27 / 2014

23 - Acta CC290914.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descripción del título

ID del título

3386/2010 Máster Universitario en Traducción Multimedia

Rama de conocimiento

Artes e humanidades

Universidad solicitante

Universidade de Vigo

Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto

Facultade de Filoloxía e Tradución

Centro/s donde se imparte el título

Facultade de Filoloxía e Tradución

En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:

UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:

Tipo de educación

Semipresencial

Régimen de estudios

Total e parcial

Periodicidad de la oferta

Anual

Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas

30

Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudiante y período lectivo

Non se establece un número mínimo de ECTS de matrícula por curso, se ben a permanencia do alumnado no máster estará condicionada polas normas de xestión académica e de permanencia na Universidade de Vigo.

Normas de permanencia

A normativa de permanencia actualizada pódese consultar no seguinte enlace:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_mster.pdf

Información sobre la expedición de suplemento al título

Pódense consultar os seguintes enlaces:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_es/_galeria_descargas/normativa_reguladora_de_tramitacion_do_suplemento_europeo_ao_titulo.pdf

http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html, e máis directamente:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real_dec_exp_titulos.pdf

Responsable del título

Marta García González

Coordinador/a del título

María Teresa Veiga Díaz

Correo electrónico del/de la responsable del título

mgarciag@uvigo.es

Fecha de verificación del título

09 / 06 / 2010

Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros

12 / 11 / 2010

Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia

08 / 02 / 2011

Fecha de inscripción en el RUCT

16 / 12 / 2010

Fecha de publicación en el BOE

16 / 12 / 2010

Curso de Implantación

2010-11

Modificaciones autorizadas**Fecha de la última acreditación**

30 / 06 / 2010

Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título

Equipo Directivo do Centro, Coordinador do SGIC e Comisión de Garantía interna de Calidade do Centro.

Memoria vigente del título

memoria_master_traducccion_multimedia_110510.pdf

Descripción del título. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencia documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Descrición do título" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

O espazo web recolle información completa sobre todos os aspectos do título e os enlaces relativos á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe (con algunhas posíbeis excepcións puntuais que

se explican a continuación).

A información incluída no espazo web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente. No caso da información relacionada cos horarios, as guías docentes, e o profesorado, por exemplo, os enlaces web están sempre activos e a información está sempre actualizada dende semanas antes do inicio do curso académico. Noutros casos, como son os enlaces aos regulamentos do módulo práctico do máster (TFM e PRÁCTICAS), a información revísase nos primeiros meses de cada curso académico para adecuala á realidade do momento: adecuala ás propostas de mellora da propia CAM (segundo á experiencia de curso pasado e as demandas e previsións de futuro), adecuala ás necesidades e ofertas do propio mercado profesional e das empresas do sector; adecuala ós posibles cambios suxeridos/obrigados pola propia UVIGO ou organismos/entidades competentes; e, obviamente, adecuala tamén ás propias suxerencias do profesorado e alumnado do curso anterior (ou do propio curso).

As modificacións nos regulamentos, en calquera caso, non acostumbran a ser moitas ao respecto do curso anterior, xa que os dous regulamentos baséase, respectivamente, no "Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, por el que se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios" (axúntase como arquivo anexo e está dispoñíbel tamén en <http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Campus/PRACTICAS.pdf>) e no establecido ao respecto na propia Memoria do Mestrado. Aínda así, mentres o módulo práctico do máster (TFM e PRÁCTICAS) non está aínda operativo (o cal acostuma a ser durante os dous primeiros meses de outubro e novembro do curso académico), os enlaces non están tampouco activados (mentres se realizan as oportunas modificacións / actualizacións dos respectivos regulamentos); básicamente, para non confundir ao alumnado no caso de producirse algunha pequena variación nos regulamentos ao respecto do curso anterior. En calquera caso, sen embargo, activados ou non, os enlaces finais (URL) son sempre os mesmos:

Regulamentos dos TFM: http://webs.uvigo.es/multitrad/sites/default/files/u16/mtm-reglamento_tfm.pdf

Regulamentos das PRÁCTICAS: http://webs.uvigo.es/multitrad/sites/default/files/u16/mtm-reglamento_practicas.pdf

Por si se dese o caso que os devanditos enlaces non estén no momento da súa consulta activados, axúntase tamén como arquivos anexos a "Normativa dos TFM do curso 2013-2014" e a "Presentación do módulo práctico do curso 2013-2014".

Por último, ao respecto dos resultados e das taxas académicas (axúntase información ao respecto dos dous elementos de análise como arquivos axuntos): no caso dos resultados, si exceptuamos as materias do módulo práctico (TFM e Prácticas), a porcentaxe de rendemento das outras 9 materias do máster está por encima do 95% (sendo en 4 dos 9 casos do 100%). No caso das materias do módulo práctico, a porcentaxe de rendemento nos TFM está no 63,04% e no caso das Prácticas en empresas no 54,29. Como se explica en outros apartados deste informe estes "valores máis baixos que a media" nos resultados destas dúas materias explícanse pola propia idiosincrasia das materias. En calquera caso dende a Comisión Académica e a Coordinación do Máster tentamos por todos os medios mellorar os resultados nestas dous materias.

En canto ás taxas, a taxa de éxito no curso 2013-14 foi dun 99,28% e a de rendemento dun 87,86%. Como sexa que a media dos últimos catro anos foi dun 98,86% e dun 87,13%, entendemos que podemos considerar que foi plenamente satisfactoria en ambos casos (aínda que, como sempre, susceptíbel de mellora). A nota media de acceso foi dun 7,29 (que contrasta coa media de 5,83 dos catro últimos anos) pero, paradoxicamente, a taxa de graduación foi dun 50% e a de eficiencia dun 94,02% (contra o 58,78% e o 95,94 da media dos últimos catro anos). Como no caso anterior, esta variación é "coyuntural" e explícase pola idiosincrasia do módulo de prácticas (TFM e Prácticas) condicionado pola disponibilidad de tempo do estudiantado que moitas veces prefiere adiar estas dous materias para o seguinte curso académico.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

Na avaliación do informe de seguimento do curso 2011-2012 propoñíase aumentar o volume de información pública sobre o título no espazo web do propio título. A Comisión Académica e a Coordinación do Máster entenderon que o acceso a unha mellor descrición do título a través ddo espazo web melloraría a difusión do título e facilitaría os procedementos de admisión de alumnos; pero, a recepción tardía do informe, non fixo posible a incorporación desta información no informe de seguimento do curso 2012-13. Pero na práctica sí que se fixeron todas as melloras recomendadas.

Non hai un plan de acción titorial específico para o máster porque a Comisión Académica e a Coordinación do Máster considerane que o número máximo de alumnos/as do máster (30-35) é moi manexábel. Ademais, a propia estrutura de cargos e responsabilidades dentro do propio máster (coordinador/a do mestrado, coordinadores/as de módulo,

responsables da materia, profesorado da materia), facilita que o alumnado esté sempre informado de todo e poida, en caso se surxir algún problema, comunicalo ao profesor ou persoa mais inmediatamente responsable. Os cargos de responsabilidade están repartidos entre o profesorado propio da UVIGO; e a responsabilidade máxima do mestrado (o/a coordinador/a do mestrado) é de facto bianual e rotativa, de maneira que o/a coordinador/a pasa a ser o/a secretario/a e sirve de "ponte" e axuda para o/a novo/A responsábel. Desta maneira consíguese que, pouco a pouco, todo o profesorado participe, se implique e coñeza todas as tarefas de responsabilidade do máster.

Non houbo cambio na denominación do título e tampouco nos seus responsables. Pero sí houbo unha renovación de cargos na CAM e na coordinación do máster. O prof. Joan Miquel-Vergés pasou a ser o novo coordinador do máster a partir do día 27 de xullo do 2014, e María Teresa Veiga Díaz (a anterior coordinadora do máster) pasou a ser a secretaria da Comisión Académica. Ente cambio foi refrendado pola Xunta de Centro da Facultade de Filoloxía e Tradución, na súa sesión do 24 de xullo de 2014 (axúntase como anexo o certificado do Secretario da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, prof. Jorge Luis Bueno Alonso).

Toda a información sobre a descrición do título, créditos, acceso, etc. está explicada claramente no espazo web do título e da Facultade.

A finais de xuño de 2014, producíronse dous cambios no equipo decanal do Centro que afectaron ó Vicedecanato de Organización Académica e ó Vicedecanato de Calidade. No caso do vicedecano de Organización académica, por diferenzas de criterio coa Decana e tras facer as consultas pertinentes e manter diversas conversas, o equipo decanal acordou substituílo por unha nova vicedecana. No caso do Vicedecanato de Calidade, produciuse a raíz do nomeamento do anterior vicedecano como director da Área de Calidade da Universidade de Vigo. Os cambios comunicáronse en tempo e forma ós membros da Xunta de Facultade e aparecen debidamente reflectidos na páxina web do Centro.

Durante o curso 2013-14 non foi preciso atender ningún estudante con necesidades educativas especiais.

Dende a coordinación do máster ata a CAM pasando por todo o profesorado (propio ou externo) do máster somos moi conscientes en todo momento que é necesario levar a cabo cada curso académico unha profunda análise e posterior reflexión sobre os elementos máis importantes relacionados coa titulación. Isto é, por exemplo, o número de créditos ECTS da propia titulación, o número mínimo de ECTS de matrícula, o tipo de ensinanza (presencial, semipresencial ...), o número de prazas ofertadas, os idiomas de impartición, as profesións reguladas para as que capacita, a información sobre a expedición do "Suplemento Europeo ao Título", etc. Somos todos nos conscientes en todo momento que a modificación dalgúns destes elementos como acción de mellora pode implicar a necesidade de modificar a propia memoria da titulación e coñecemos o "Procedemento da ACSUG para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de mestrado" (axuntamos como arquivo anexo a devandita documentación a cal é tamén accesible en <http://www.acsug.es/sites/default/files/Gu%C3%ADa%20Modificaci%C3%B3n%20.pdf>) que explica cómo facelo.

De ser necesario levar a cabo unha profunda acción de mellora da titulación faríamolo. Mentres, o que procedemos, é a levar a cabo aquelas modificacións puntuais relacionadas cos devanditos elementos que non esixen esta modificación da memoria. Para illo buscamos "solucións imaxinativas", novas, creativas, efectivas, sustentabeis social e economicamente falando, e que poidan servir de "modelo" para desenvolvementos futuros no propio máster. Entendemos que desta maneira podemos levar a cabo accións de mellora sen ter por illo que modificar a memoria da titulación. No apartado de "boas prácticas" explícanse algunhas destas accións levadas a cabo pola Comisión Académica e a Coordinación do Máster.

Buenas prácticas

Todos/as os/as directa ou indirectamente comprometidos/as coa mellora e calidade do máster intentamos ir sempre mais alá do que poderíase considerarse como simples accións xa comprometidas ou normativamente esixíbeis. Intentamos sempre levar acabo accións innovadoras, que desenvolvan solucións novas e creativas; que sexan tamén accións efectivas, que amosen un impacto positivo e tanxible sobre a mellora; que sexan sustentabeis, xa sexa polas súas exixencias sociais, económicas e/ou medioambientais; e, finalmente, replicabeis, que poidan servir como modelo para desenvolver políticas, iniciativas e/ou actuacións noutros lugares.

Desta maneira, por exemplo, un dos elementos de análise que é contianuamente "matizado" en cada curso académico é o relacionado co tipo de ensinanza. Maila que na descrición do título que aparece na memoria se detalla moi claramente que o tipo de ensinanza do mestrado é a semipresencial, a realidade do alumnado en determinados cursos académicos (o curso 2013-14 non foi unha excepción) mostran que a "heteroxeneidade xeográfica" do alumnado obriga as veces a converter a semipresencialidade en "virtualidade de facto". Obviamente non podemos (e tampouco queremos) renunciar a

presencialidade porque consideramos que o contacto co profesorado é un aspecto irrenunciabel no noso máster; pero, por outra parte, parece moi difícil ter que esixirle a un/unha alumno/a que vive, por exemplo, nas illas Canarias ou que está traballando puntualmente no estranxeiro que se desplace a Vigo nunhas datas concretas (como por exemplo pode pasar no caso das prácticas o da presentación e defensa dos TFM). Nestes casos moi concretos nos que é difícil esixir a presencialidade, no máster buscamos accións innovadoras a través de solucións novas e creativas para que o alumnado, por exemplo, poida levar a cabo as súas prácticas "de maneira virtual" (tele-traballando dende a súa casa para as empresas, algo por outra parte moi común no ámbito da tradución no caso dos "tradutores freelance"); ou ben poda presentar ou defender o seu TFM por videoconferencia.

Tamén procuramos que o módulo práctico (TFM e Prácticas en empresa) se adecúe á realidade (profesional, académica, social, etc.) do momento. Así, por exemplo, no caso dos TFM, ademais de ter obviamente en consideración aspectos profesionais relacionados cos diferentes ámbitos da Tradución Multimedia, tamén se teñan en conta outros ámbitos de estudo/análise mais innovadores (relacionados coas novas tecnoloxías, como poda ser o caso da realidade aumentada no ámbito da tradución multimedia); que sexan sustentabels social e economicamente (como poida ser o caso da accesibilidade en xeral ou específica en determinados ámbitos como poidan ser a TV, o teatro, o cinema, a ópera, etc. para persoas con discapacidades auditivas e/ou visuais); o desenvolvemento de modelos exportábeis ao ámbito da propia tradución multimedia e/ou a outros ámbitos de coñecemento/profesionais (e o caso, por exemplo, de actividades como o fandub/fansub/fangame/etc.; actividades realizada por tradutores afeccionados pero que na realidade influencian notablemente ao ámbito profesional do sector relacionado). No caso das prácticas en Empresas intentamos que o tipo de empresas onde o alumnado poida levar a cabo a súa labor sexan en todo momento as que máis se correspondan coa "tipoloxía" mais demandada no ámbito profesional, como pode ser nestes momentos a tradución de videoxogos. No enlace <http://webs.uvigo.es/multitrad/node/2> da web do mestrado pódese consultar un pequeno resumo das empresas e institucións que colaboran co máster.

Con todas estas accións "imaxinativas" levadas a cabo no ámbito do módulo práctico tentamos "minorizar" o impacto negativo que a falta de tempo significa para o estudantado e lle empurra a adiar estas dous materias para o seguinte curso (como xa se explicitou con anterioridade) e que constitúe un especial "pescozo de botella" non só para este máster senon tamén para a maioría de titulacions da UVIGO.

Propuestas de mejora

Seguir revisando e completando a información pública proporcionada a través do espazo web do título, ben incorporando a información necesaria ás páxinas web ou mediante a inclusión de ligazóns ás distintas páxinas do Centro e da Universidade onde a información está dispoñible.

Seguir buscando "solucións imaxinativas" para as materias do módulo práctico (TFM e Prácticas en empresa) que, como se indicou anteriormente, onstitúe un especial "pescozo de botella" non só para este máster senon tamén para a maioría de titulacions da UVIGO.

Breve descripción de las modificaciones

Fixéronse todas as modificacións suxeridas na avaliación do informe de seguimento do curso 2011-2012 a propósito de aumentar o volume de información pública sobre o título na páxina web do propio título; e que a recepción tardía do informe non fixo posible a incorporación desta información no informe de seguimento do curso 2012-13. Pero na práctica si fixéronse todas as melloras recomendadas.

Houbo unha renovación de cargos na CAM e na coordinación do máster.

Justificación de las modificaciones

No informe de seguimento de títulos oficiais de grado e máster (protocolo de revisión interna) da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, para o curso académico 2012-2013, ao respecto da información pública, explicitase que [sic]:

"El máster cuenta con una web propia que reúne información actualizada, completa y fácilmente accesible. La web es atractiva y se complementa con la del Centro y con la de la Universidad. También desde la web del centro, en el apartado de Calidad, es posible acceder a todos los criterios; en este caso la información coincide con la de la memoria. Desde la web propia del título es también posible acceder a esta información, mediante un vínculo adjunto al epígrafe del criterio. Esta información está en formato pdf. La web del título, en el apartado de información general, incluye un enlace en el que

es posible consultar la memoria. Se valora positivamente a adecuación de los enunciados de los distintos criterios a formas más reconocibles por el público ajeno a la universidad. Se incluye un apartado de Preguntas Frecuentes en la web del título. Es preciso que se revise el enlace a la web del máster desde la web del centro ya que no es directo y esa vía se vuelve demasiado indirecta para acceder a los datos (p. 2)".

Excepto a última recomendación, todas as recomendacións anteriores aplicáronse xa de feito no curso académico 2013-2014. Ao respecto da última observación "Es preciso que se revise el enlace a la web del máster desde la web del centro ya que no es directo y esa vía se vuelve demasiado indirecta para acceder a los datos", o 04/09/14 fixéronse as dilixencias pertinentes na Secretaría da FFT para que mudaran a ligazón da web do máster desde a web do centro. Actualmente esta ligazón xa funciona perfectamente.

De acordo co criterio interno do máster de mudar a coordinación e o secretariado da CAM cada dous cursos académicos; o/a secretario/a deixa o seu cargo e o/a coordinador/a pasa a ser o/a secretario/a da CAM). Así, na sesión ordinaria da CAM do 08/07/14 (punto 10 da orde do día "Toma de acordos e aprobación, se proceder, da renovación de cargos da CAM") acordouse [sic] "Joan Miquel-Vergés será o novo coordinador do mestrado a partir do día 27 de xullo, e María Teresa Veiga Díaz será a secretaria da Comisión Académica."

1508-07-14_MTM_Acta.pdf
15CERTIFICADO_CAMBIO_COORDINADOR_0914.pdf
15I-P_Master_en_Traduccion_Multimedia.pdf
15Solicitud_de_modificacion_ligazon_da_paxina_.pdf
Normativa_TFM_2013_2014.pdf
guia-acsug-modificacion-masteres.pdf
presentacion_modulo_practico_2013_14.pdf
rd1707:2011_regulamento_practicas.pdf
resultados_mestrado_en_traducion_multimedia.rtf
taxas_master_tm.docx

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Xustificación" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

O título, despois de catro cursos académicos de implantación (2010-11, 2011-12, 2012-13 e 2013-14), segue mantendo no quinto curso 2014-15 o seu interese e todos os cursos cubriu as prazas ofertadas, polo que se constata que xera interese entre os destinatarios potenciais. Non houbo que variar a súa orientación académica (profesional) e complementouse a orientación cun perfil investigador para desenvolver as potencialidades do plano formativo. Na convocatoria de presentación de propostas para novos doutoramentos para o curso 2013-2014 aprobouse a proposta de "Doutoramento en Comunicación", que leva xa dous cursos académicos implantado (2013-14 e 2014-15), e que abre as portas á formación investigadora dos estudantes do Máster en Traducción Multimedia (pódese consultar o espazo web do devandito doutoramento en <http://comunitrad.webs.uvigo.es/>). Actualmente hai 7 docentes do Máster en Traducción Multimedia (5

propios da UVIGO e 2 externos) que colaboran neste Doutoramento en Comunicación, sendo un deles (o prof. Oscar Diaz Fouces, profesor da UVIGO) o coordinador actual do doutoramento. Tamén xa algúns alumnos das anteriores edicións do máster se incorporaron ao doutoramento de maneira efectiva.

No que atañe á demanda, a evolución da oferta/demanda e os datos de matrícula (ver o documento anexo relacionado coas txas do máster) é especialmente significativo que a ratio de estudantes preinscritos sobre prazas ofertadas sexa para este curso 2013-14 de 1,40 (ao respecto da media cos tres cursos anteriores 2010-11 ata 2012-13 de 1,36), só superada pola primeira edición do máster de 1,56 (algo totalmente comprensible pola "novidade" da titulación). Isto, segundo o noso punto de vista, significa que a titulación está plenamente consolidada e que o interese do alumnado por o mestrado segue a ser moi considerable. Como en todos os anos anteriores completáronse o número total de 30 prazas de novo ingreso ofertadas.

Ao respecto do establecemento de posibles convenios con outras universidades e/ou programas de máster, aínda que este asunto foi motivo de discusión diversas veces no seno da CAM, consideramos finalmente que dada a alta demanda de prazas de "contexto propio" (por empregar unha terminoloxía propia que poida ser entendida por todos) no máster non podíamos "comprometernos" con outras universidades / programas de máster a "reservarles" prazas do noso máster tendo en conta que non tiñamos xa de abondo para as nosas propias necesidades. É certo que os convenios no so se rixen por estes parámetros de "intercambio" de alumnos e que teñen outros aspectos que poden resultar moi interesantes para o noso máster; pero, en case todos os casos que tomamos en consideración, o "intercambio de alumnado" era unha condición "sine qua non"; unha acción, condición ou ingrediente necesario e esencial (de carácter máis bien obrigatorio) para que o convenio sexa posíbel e funcione correctamente.

Non houbo cambios nos referentes externos á titulación.

Seguen sendo axeitados os procedementos internos de consulta (organización interna do título) e externos (con outros referentes noutras Universidades). A nivel interno, os procedementos de consulta utilizados no curso 2013-14 contan co Sistema de Garantía Interno de Calidade do título como principal ferramenta. Os procedementos PE01 (Definición e revisión da política e obxectivos de calidade), en fase de revisión e de actualización, e DO-0102 (Seguimento e mellora das titulacións) velan para que haxa un adecuado retorno da información e están dispoñibles para consulta na páxina web do centro, á que se pode acceder, mediante unha ligazón, dende a páxina web do título.

No curso analizado, 2013-14, houbo 46 matriculadas/os na titulación.

Cumprimento dos obxectivos de calidade do centro (ver o documento adxunto):

1. Mellorar a difusión dos obxectivos do plano de estudos.

Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí", cumpriuse este obxectivo de calidade. A información sobre os obxectivos do plano de estudos está na páxina web da Facultade no apartado de información pública e mais na páxina web do propio máster.

2. Mellorar os procedementos de captación e admisión de estudantes.

Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí", cumpriuse este obxectivo de calidade. A Comisión de Calidade aprobou no curso 2012-13 un plano de captación de alumnado, para graos e posgraos que se achega como anexo e que segue aplicándose na actualidade.

3. Mellorar o sistema de avaliación e os procedementos xerais de calidade do ensino.

Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí", cumpriuse este obxectivo de calidade. Fíxose un informe sobre a avaliación dos catro cursos implantados. Véxase apartado 5 (Planificación das ensinanzas). Os coordinadores revisan o sistema de avaliación de cada materia e axéitano, cando for preciso, ás recomendacións aprobadas pola Facultade no 2010.

4. Índice de satisfacción nas enquisas de estudantes onde se trate o tema de planificación igual ou superior a 4,2/7 puntos.

Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí", cumpriuse este obxectivo de calidade. Logrouse: 4,25/7,00 (sendo a media dos posgraos e da FFT de 4,20 nos dous casos).

5. Mellorar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións.

Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí", cumpriuse este obxectivo de calidade. Á parte do protocolo tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato, habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas e suxestións.

6. Número de queixas inferior o 5% do alumnado de novo ingreso. Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí" cumpriuse este obxectivo de calidade. Non houbo queixas do alumnado de novo ingreso.

7. Índice de satisfacción nas enquisas de estudantes sobre o programa de acollida realizado igual ou superior a 4,2/7 puntos. Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí", cumpriuse este obxectivo de calidade. Logrouse: 4,64/7. É especialmente significativo este índice xa que só 3 dos 3 graos e 6 posgraos da FFT analizados acadan o mínimo esixido.

8. Índice de satisfacción nas enquisas de estudantes sobre o PAS da Facultade igual ou superior aos 4,2/7 puntos. Segundo consta no informe adxunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí" se cumpriu este obxectivo de calidade. Logrouse un 4,79/7.

9. Índice de satisfacción nas enquisas de estudantes sobre recursos para a aprendizaxe igual ou superior a 4,2/7 puntos (Indicador 75). Logrouse un 5,46/7.

10. Índice de satisfacción nas enquisas de estudantes sobre o grao de competencia que acadou igualar ou superar a 4,2/7 puntos. Segundo consta no informe axunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí" cumpriuse este obxectivo de calidade. Non se pode avaliar por non aparecer ningún apartado específico nas enquisas de satisfacción. Con todo, presentamos unha media dos indicadores 74 e 75 de 4,73/7,00 puntos.

11. Superar a media da Universidade nas enquisas de avaliación docente. Segundo consta no informe axunto de cumprimento dos obxectivos de calidade para o Master de Traducción Multimedia do centro FFT "sí" se cumpriu este obxectivo de calidade. Logrouse un 3,92 cando a media da Universidade é de 3,72.

Despois de varios anos de estaren vixentes os anteriores obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade entende que é necesario revisalos para ver se se adecúan á situación actual da Facultade. Fíxose unha convocatoria aberta a tódolos membros do centro para que contribuísen coas súas suxestións á posible reforma. A primeira reunión da Comisión de Calidade que tratou este tema foi a do 31 de outubro de 2013. Durante o cuarto trimestre de 2014 aprobárase o Manual de Calidade da Universidade de Vigo revisado e actualizado durante o curso 2013/14 (concretamente o anexo 4, Guía de obxectivos de calidade), de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníranse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolverlos.

Na valoración do cumprimento deste criterio que se fai no Informe de Seguimento (2012-13) dise: Se recomenda que se analicen outros aspectos como a demanda del título como soporte de la justificación. Tamén: Entre las propuestas de mejora, figura: "cumplir los objetivos de calidad en cuanto a la satisfacción de la planificación del profesorado y del PAS"; si bien en la primera propuesta de mejora se desarrolla y se justifica; no se encuentra nada específico en relación a los PAS." O motivo desta ausencia ao respecto da segunda proposta é que a adopción de medidas neste ámbito transcende as capacidades do centro e da coordinación do título, polo que non se puideron emprender accións correctoras específicas.

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas.

Revisar os obxectivos de calidade.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Cumprimento dos obxectivos de calidade.docx

IT03-PC03-Plan_de_Captacion.pdf

taxas_master_tm.docx

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Justificación. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción / Revisar os obxectivos de calidade do centro.

Punto débil detectado

Participación escasa do alumnado nas enquisas. / Cómpre continuar na revisión dos obxectivos de calidade para axustalos á realidade da Facultade.

Ámbito de aplicación

Facultade Filoloxía e Tradución e Universidade de Vigo / FFT

Responsable de su aplicación

Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT, Área de Calidade, ATIC / Comisión de Calidade

Objetivos específicos

Acadar uns índices satisfactorios de participación do alumnado nas enquisas que permitan considerar os datos tirados delas como representativos.

Os actuais obxectivos de calidade do centro avalían moitos aspectos ligados a enquisas do alumnado. É necesario revisalos e engadir posiblemente outros que reflectan de mellor maneira os procesos de calidade implantados no centro.

Actuaciones a desarrollar

Continuar divulgando entre as/os estudantes a importancia do SGIC e de participaren nas enquisas de satisfacción, a través das canles de difusión da información (lista fft, cartaces, pantalla de plasma), das reunións de coordinación e das xuntanzas do PAT. Institucionalmente, está previsto levar a cabo as seguintes accións:

- Rematar as actividades levadas a cabo por un grupo de traballo multidisciplinar que se constituíu co obxectivo de racionalizar e mellorar as metodoloxías de avaliación empregadas (modo de recollida da opinión dos grupos de interese, frecuencia de realización, contidos dos cuestionarios ...)

Este grupo de traballo constituíse en abril de 2014 e, actualmente, está na fase final de conclusións, pendente da reunión de peche.

- Realización dunha campaña institucional para explicar e fomentar as actividades de recollida de opinión dos distintos grupos de interese. Incidirase na explicación da relevancia de cada unha das enquisas e o seu impacto nos programas de calidade e na mellora continua da calidade dos centros e servizos.

- Mellorar o acceso á aplicación informática.

Discusión na Comisión de Calidade das suxestións enviadas polos membros da facultade sobre os obxectivos de calidade.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamento

Sen custo

Indicadores de execución

Observacións

A cumprimentar solo si fue executada (total o parcialmente)

Nivel de cumprimento

Satisfactorio

Resultados obtidos

Grado de satisfacción

Accións correctoras a desenvolver

Plan Accións Mellora_Auditoría certificación SGIC_FFT.pdf

📌 historico_enquisas_mestrado.xlsx

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Competencias e obxectivos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A páxina web recolle información completa sobre todos os aspectos do título e as ligazóns relativas á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A coordinación, a Comisión Académica e a Comisión de Calidade non consideraron necesaria a modificación nin dos obxectivos nin das competencias xerais xa que seguen sendo axeitados para o plano formativo e manteñen o carácter de formación avanzada. As competencias, xa que non se variaron, seguen cumprindo o establecido no RD 1393/2007. A coordinadora comprobou que todas as competencias xerais e específicas do título foron tratadas nas materias do programa formativo.

O grao de coñecemento e satisfacción do alumnado cos obxectivos xerais do plan de estudos é de 4,65/7

En relación cos ítems 1 e 2 do indicador 74 de satisfacción das titulacións oficiais relacionado coa "satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino", o máster acadou 4,25/7, 0,08 puntos, máis que a media de 3,96 no máster cos tres anos anteriores, e máis que os 4,17 puntos de media das titulacións da UVIGO. E, en relación co indicador 78 das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais o mestrado, acadou unha puntuación de 5,82/7 fronte aos 5,75 puntos de media cos tres anos anteriores do máster. Polo tanto, en ambos casos melloráronse os índices de satisfacción.

RESULTADOS ACADÉMICOS

Resultados sobre o alumnado matriculado

Entendemos que toda persoa que non se presente a unha materia ou suspenda non acadou ou adquiriu as competencias e os obxectivos propostos para superar dita materia.

Nº de materias con 100% de aprobados: 4

Nº materias con 75-100% de aprobados: 5

Nº materias con 50-75% de aprobados: 2

Nº materias con menos do 50% de aprobados: 0

As materia con menor número de aprobados do título foron: Traballo de Fin de Máster cun 63,04% e Prácticas en Empresas cun 65,71%.

Segundo os resultados da avaliación das diferentes materias do mestrado, os estudantes conseguen as competencias e obxectivos da titulación de maneira xeral.

A materia "Traballo de Fin de Máster", aínda sendo a materia con menor número de aprobados, superou o 43,0% acadado no curso anterior 2012-13, o cal representa un aumento significativo do 26,86%. Esta porcentaxe é especialmente significativa si temos en conta que a variación experimentada no curso 2012-13 ao respecto do curso anterior foi un substancial descenso dun 71% no curso 2011-2012 a un 43% no curso 2011-2012. Polo tanto, apréciase un factor de crecemento xa consolidado.

Coa materia de "Prácticas en empresas", se no curso 2012-2013 a porcentaxe de estudantes aprobados aumentou un 43%, e pasou dun 28% a un 71% (o cal se interpretou como un éxito do plano de mellora executado); no curso académico 2013-2014 houbo un pequeno descenso ata chegar a un 65,71% (un leve descenso d'un 5% aproximadamente).

Se no curso 2012-2013 se produciu unha susceptible variación ao respecto do alumnado egresado, pasando dun 82,76% ao 35,71%; no curso 2013-2014 produciuse un aumento ata chegar a unha porcentaxe do 53,57%. A baixa porcentaxe de egresados do curso 2012-2013 interpretouse, principalmente, pola composición do alumnado do máster durante ese curso, xa que a meirande parte tiñan un traballo que limitaba as súas opcións, algo que cambiou parcialmente no curso 2013-14. Por outra banda, a escasa flexibilidade do mercado laboral, a autodisciplina requirida para levar a cabo o traballo de máster e a duración reducida do curso dificultaban a consecución dos obxectivos das materias do módulo práctico dentro dun único curso académico. A alta taxa de non presentados na materia de Traballo de Fin de Máster, que fai que se acade un número de matriculados superior cada curso, é en grande medida a causante desta taxa de graduación. A autonomía que esixe a realización deste traballo e a falta de tempo derivada do feito de que o calendario de máster é mesmo máis breve có de grao poden ser responsables desta taxa. Este problema púxose en coñecemento da Área de Posgrao da Universidade de Vigo no curso pasado, que nos indicou que era un problema común a outras titulacións.

Con todo, o aumento porcentual neste curso 2013-14 significa que estamos nun bo camiño de recuperación e que, aínda que perduran moitos dos condicionantes anteriores, a porcentaxe de egresados se estabilizou no 53,57%.

Na valoración do cumprimento deste criterio que se fai no Informe de Seguimento (2012-13) dise: Se recomienda que se analice tamén el aspecto de los no presentados y las causas. Tamén en general los puntos débiles se corresponden con propostas de mejora, sin embargo entre los objetivos específicos no figuran los cambios en las prácticas, y sí se contemplan en las acciones a desarrollar. De acordo con isto, incluíranse os correspondentes obxectivos específicos no plan de mellora correspondente ao curso 2013-14.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

Aumentou considerablemente a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas, tal como pasou xa no curso pasado e se esperaba pasase tamén neste curso 2013-14. Pasouse dun 27,78% no curso 2011-12, a un 55% no curso 2012-13, e a un 63,19% no curso 2013-14; no caso do profesorado. E, en canto ó alumnado, pasouse dun 0% no curso

2011-12, a un 24% no curso 2012-13, e a un 38,30 % no curso 2013-2014. O aumento logrado é moi significativo, mais esperamos seguir mellorando as taxas de participación.

Buenas prácticas

Todos/as os/as directa ou indirectamente comprometidos/as coa mellora e calidade do máster intentamos ir sempre máis aló do que poderíase considerarse como simples accións xa comprometidas ou normativamente esixíbeis. Intentamos sempre levar acabo accións innovadoras, que desenvolvan solucións novas e creativas; que sexan tamén accións efectivas, que amosen un impacto positivo e tanxible sobre a mellora; que sexan sustentábeis, xa sexa polas súas exixencias sociais, económicas e/ou medioambientais; e, finalmente, replicábeis, que poidan servir como modelo para desenvolver políticas, iniciativas e/ou actuacións noutros lugares.

Para iilo, en primeiro lugar, maximizouse e optimizouse o uso da plataforma de teledocencia do máster e, por exemplo, enviáronse recordatorios periódicos aos alumnos e profesores a través de FAITIC por parte da coordinación para lograr unha mellor participación nas enquisas.

Ao respecto do módulo práctico (TFM e Prácticas) que é "tradicionalmente" o que "distorsiona" o bo funcionamento das titulacións (repetimos que este feito non é so endémico do noso máster senón de todas as titulacións da UVIGO) optouse por flexibilizar e aumentar dentro do posible a oferta de prácticas para que os estudantes seguisen adquirindo as competencias desta materia dentro do curso académico. Si no curso 2012-2013 optouse por adiantar outro mes a data de adjudicación de prácticas e do traballo de fin de máster co fin de tentar adiantar o comezo do período de prácticas para facilitar a consecución das competencias da materia dentro do curso; Para o curso 2013-14 fíxose o mesmo.

Para mellorar os resultados da materia do Traballo de Fin de Máster, a Comisión Académica adiantou tamén a data de asignación e estableceu datas de entrega parciais para contribuír á planificación do traballo. Tamén se fixeron sesións presenciais de orientación aos estudantes para axilizar as fases iniciais do traballo.

Perante a imposibilidade da Coordinación e a Comisión Académica do máster de dar unha resposta satisfactoria ao "problema" do módulo práctico por ser este un proble que entendemos é de ámbito global que debería ser abordado polas persoas responsábeis dos estudos de grao e posgrao, intentamos buscar "solucións imaxinativas" que, como dixéramos anteriormente intenten "minimizar o problema".

Na análise do perfil de ingreso, como xa comentamos anteriormente en outros apartados, deuse a "paradoxa" que mentres a nota media de acceso no curso 2013-14 foi de 7,29 (fronte aos 5,83 de media cos tres cursos académicos anteriores), a taxa de graduación foi so do 50% (fronte aos 58,78% de media cos tres cursos académicos anteriores. Entendemos que esta "distorsión" nos resultados é "anecdótica" debida á especial coxuntura do módulo práctico en todas as titulacións da UVIGO que fai que, por exemplo, no curso 2013-14 o número de graduados fose inferior ao 1º e 2º ano do máster maila ser "a priori" a preparación do alumnado de novo ingreso moito mellor. Aínda así, o feiro que a porcentaxe de graduados do curso 2013-14 sexa do 50% fronte aos 35,71% do curso anterior 2012-13, entendemos que significa que, maila os condicionantes xerais do módulo, as "boas prácticas" levadas a cabo pola Coordinación e a Comisión Académica do máster "axudaron" a minimizar o impacto negativo.

Ao respecto do indicador 71 de "Satisfacción co proceso de selección, admisión e matriculación" da enquisa de satisfacción, que foi de 5,56/7 neste curso académico 2013-14 (fronte aos 5,03 da Facultade de Filoloxía e Tradución ou os 4,88 do total da UVIGO) entendemos que o alumnado "recompensou" tamén as "boas prácticas" levadas a cabo pola Coordinación e a Comisión Académica do máster en todos os aspectos directa ou indirectamente relacionados con este indicador.

Propuestas de mejora

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Acadar un maior índice de aprobados nas materias "Prácticas" e "TFM" maila os "problemas endémicos" a todas as titulacións da UVIGO relacionados con estas materias. Non vamos a incidir neste apartado (xa que xa o fixéramos no apartado anterior de "boas prácticas" en todas as accións de mellora levadas cabo pola Coordinación e a Comisión Académica do máster para poder, dunha maneira innovadora, creativa, efectiva, sustentábel e modélica, "minimizar" os

problemas endémicos de este módulo en todas as titulacións da UVIGO. Entendemos que o problema é, basicamente de "tempo de execución" algo dificilmente solucionable tal como están estruturados os graos e posgraos que "obrigan" cada vez máis a un menor número de horas presenciais por parte do alumnado.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

- ✚ 2013-14_Resultados_academicos_e_satisfa.pdf
- ✚ 2013-14_Taxas_Master_TM.pdf
- ✚ 2013_14_Indice_de_participacion__Profesorad.pdf
- ✚ 2013_14_Indice_de_participacon__Estudantado.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Competencias / objetivos. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Facilitar a consecución dun maior índice de aprobados nas materias "Prácticas" e "TFM"

Punto débil detectado

Baixo índice de presentados na materia do Traballo de Fin de Máster

Ámbito de aplicación

FFT

Responsable de su aplicación

CAM

Objetivos específicos

Axilizar dentro do posible a asignación das prazas de prácticas en empresa e contribuír á planificación do Traballo de Fin de Máster.

Actuaciones a desarrollar

Facilitar a planificación do traballo de fin de máster e a realización das prácticas durante o período lectivo. Para conseguilo, adiantouse un mes a adxudicación dos traballos e das prazas ofrecidas. Tamén se prevé modificar o proceso de asignación de prácticas para que os tempos de espera na asignación de prazas se reduzan.

No referente ao TFM, seguir establecendo datas de entrega parciais do TFM para facilitarles aos estudantes a súa propia organización.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

Sen custo

Indicadores de ejecución**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumprimento

Satisfactorio

Resultados obtidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Dende a coordinación do máster tentarase na edición 2014-2015 dar a máxima publicidade ás enquisas e concienciar os estudantes da importancia de cubrilas.

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Acceso e admisión de estudantes" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título. Existen tamén mecanismos de información previa a matriculación. Durante o curso 2013-14, como en anos anteriores, rexistráronse algúns problemas no proceso de admisión das matrículas, e seguíronse producindo algúns fallos nas aplicacións informáticas (inherentes, por outra parte, a calquera sistema automatizado), descoñecemento dalgúns procedementos para a presentación da documentación, e certo grao de descoordinación entre os distintos negociados responsables da matrícula. Todos estes problemas solucionáronse dende a coordinación do título. Nas enquisas do curso 2013-14 os estudantes que responderon outorgaron un 5,56 ao apartado correspondente ao grao de satisfacción co proceso de selección, admisión e matriculación (axuntamos como anexo a avaliación satisfacción das titulacións oficiais 2013-14).

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e programa formativo do título está accesible tanto na páxina web da universidade (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/), como na páxina web do título (<http://webs.uvigo.es/multitrad/node/4>)(<http://webs.uvigo.es/multitrad/node/2>) e na páxina web da Facultade.

O sistema de transferencia e recoñecemento de créditos está accesible na páxina web do título e na memoria (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/).

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publico na memoria (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/).

A coordinación do mestrado organizou unha xornada de presentación do máster en marzo do 201a (xamada de maneira significativa "minimáster", cuxo cartel anunciado co programa de actividades axuntamos como anexo) dirixida ao alumnado de 4º do grao en Tradución e Interpretación da UVIGO. A xornada foi un éxito, cuns 41 asistentes. Unha boa parte dos alumnos preinscritos para o curso 2014-15 asistiron á xornada de presentación, polo que se considera unha medida satisfactoria.

Durante o curso 2012-13 fíxose un "Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo" que seguiu aplicándose no curso 2013-14. Este plano foi aprobado pola Comisión de Calidade do centro e implantado durante o curso académico 2012-13. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados. Ao respecto do apartado relacionado con "1. Dar a coñecer as titulacións de Máster que se imparten no centro", o centro propuxo as seguintes medidas:

- o Sesión de presentación dos mestrados que se imparten no centro, realizada polos propios coordinadores dos Máster.
- o Elaboración de dípticos, carteis e rollers publicitarios dos másters da Facultade.
- o Organización de conferencias e seminarios especializados.
- o Envío de noticias ós medios de comunicación e presenza nas redes sociais.

Na valoración do cumprimento deste criterio que se fai no Informe de Seguimento (2012-13) dise: "Se recomienda que la reflexión referida a los recursos humanos se refiera también a las circunstancias del Personal de Administración y Servicios, especialmente porque en el apartado 4 se hace referencia a la demanda de mayor personal". De acordo con isto, solicitouse aos órganos responsables que aumentasen o persoal administrativo de apoio aos másters, mais non se logrou polo momento. Tal como se reflicte no apartado dedicado a Recursos humanos, as medidas necesarias transcenden a capacidade da coordinación do máster e da dirección do centro e, polo tanto, as accións emprendidas deben ser de responsabilidade institucional.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2013-14

Mellorar a información e a xestión nos procesos de admisión que dependen da Universidade. Solicitouse ós órganos responsables.

Non aumentou o persoal administrativo de apoio ás comisións académicas. Solicitouse ós órganos responsables, mais non tivo ningún resultado. A falta de persoal administrativo fai que exista unha coordinación deficiente entre o PAS e tamén causa que a coordinación do título, membro do PDI teña que desenvolver tarefas puramente administrativas que non son da súa competencia.

Aumentouse a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas.

Buenas prácticas

Organización dunha xornada de presentación do máster (o "minimáster") con talleres prácticos impartidos polo profesorado do Máster.

Propuestas de mejora

- Volverlle transmitir ó órgano ou servizo responsable a necesidade de mellorar a información e a xestión nos procesos de admisión que dependen da Universidade.
- Volverlle transmitir ó órgano ou servizo responsable a necesidade de aumentar o persoal administrativo de apoio ás Comisións Académicas.

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

2013_14_Grao_de_satisfaccion__Estudantado.pdf

Calendario FFT 2013-2014.pdf

Plano de Captación.pdf

Plano_de_promoción_e_captación.pdf

cartel_minimaster_2014.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Acceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Mellorar a información e a xestión nos procesos de admisión que dependen da Universidade/Aumento de persoal administrativo de apoio ás comisións académicas./ Aumentar a participación do profesorado e alumnado nas enquisas.

Punto débil detectado

O proceso de admisión é excesivamente complexo e recaen nos coordinadores demasiadas responsabilidades/Non hai suficiente PAS específico para a xestión xeral dos mestrados./ Baixa participación nas enquisas.

Ámbito de aplicación

Universidade de Vigo / Univerisidade de Vigo / FFT

Responsable de su aplicación

Universidade de Vigo / Univerisidade de Vigo / CAM

Objetivos específicos

Conseguir unha maior transparencia na información que se lle fornece ó alumnado.

Mellorar a xestión xeral dos mestrados na UVigo.

Mellorar a implicación dos estudantes nos procesos de medición de resultados.

Actuaciones a desarrollar

Para lograr obter máis información que nos axude a mellorar, dende a coordinación do máster, difundirase entre todo o alumnado e o profesorado a información relevante para fomentar a realización das enquisas e enviaranse recordatorios coa finalidade de aumentar a participación.

Solicitude da creación dunha secretaría de másters por centro.

Aplicación das medidas propostas no plan de mellora que se redactou en resposta ao informe de auditoría externa para a certificación do SGIC.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

Por determinar

Indicadores de ejecución

Objetivos

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Satisfactorio

Resultados obtenidos

Ampliouse a información relativa aos procesos de matrícula na web do máster e foise actualizando segundo pasaron os diferentes prazos (<http://webs.uvigo.es/multitrad/>). Mellorouse a información publicada na páxina web do mestrado e mantívose actualizada. Incluíuse un apartado de preguntas frecuentes na páxina web para que os interesados resolvan as dúbidas máis habituais. Con iso, logrouse axilizar o proceso de admisión e matrícula e reducir o número de consultas formuladas por correo electrónico.

Grado de satisfacción

Alto

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Planificación das ensinanzas" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010. Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias, aínda que na comisión académica do máster se abriu o debate para iniciar unha posible revisión da memoria en cursos futuros revisando que se cubran as necesidades nos novos graduados.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na páxina web do título

(<http://webs.uvigo.es/multitrad/content/calendario-de-curso-y-calendario-de-matricula-2013-14>) e tamén na memoria do título.

Non se rexistraron, durante o curso 2013-14, problemas coa nova normativa de permanencia da Universidade.

A división en cuatrimestres pechados segue sen axustarse ben ás características do máster.

Os coordinadores revisan as guías docentes todos os anos e están publicadas en DOCNET. Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte da coordinadora da titulación, a revisión e aprobación pola Comisión de Calidade e a aprobación final en Xunta de Facultade. A coordinadora da titulación revisa todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo, no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia. No indicador "As guías docentes das materias son accesibles e coherentes cos obxectivos do plan de estudos", a cualificación reflectida nas enquisas de satisfacción é dun 5,31/7, un grao bastante alto de satisfacción que mellora o 4,56 do curso anterior. As guías docentes están accesibles tanto na web do máster como na plataforma docente. Dende a coordinación do título revísanse anualmente as guías docentes e considérase que a información que reflicten é coherente cos obxectivos. Do mesmo xeito, a comisión académica, a través de reunións de coordinación, revisa anualmente que os contidos das materias e das actividades formativas sexan adecuados ás competencias reflectidas na memoria do título.

Este ano o calendario do curso funcionou bastante ben, pero, igual que en cursos anteriores (2011-12 e 2012-13), e os problemas de asistencia do alumnado ás sesións presenciais diminuíron substancialmente, polo que se decidiu tamén concentrar toda a docencia presencial en dúas semanas, unha por cuatrimestre, para o curso 2014-15. Os labores de coordinación levados a cabo para lograr graduar os traballos foron positivos.

Os horarios están públicos na páxina web pero, ó ser un máster semipresencial cun baixo nivel de presencialidade en cada materia, a información fornecida é sobre períodos de docencia e sobre os horarios presenciais das materias.

As axudas de mobilidade para o estudantado seguen sen axustarse ás características deste máster. Non se pide mobilidade entre universidades senón entre universidades e empresas para realizaren as prácticas obrigatorias. A satisfacción cos programas de mobilidade segundo as enquisas de satisfacción ao alumnado é de 4,47 (moi semellante á do curso pasado 2012-13 que foi de 4,00).

O sistema de avaliación axústase á normativa da Universidade de Vigo.

Enquisas de satisfacción 2013-2014

Nas enquisas, o indicador 74, relativo á planificación das ensinanzas, obtivo unha puntuación dun 4,25, con puntuacións inferiores a 4 na proporción entre créditos asignados e o volume de traballo, a planificación das prácticas, sobre o que xa reflexionamos no apartado anterior, a proporción de clases teóricas e prácticas e a coordinación entre profesores. No caso da adecuación da dedicación establecida en cada materia ás actividades formativas, a puntuación recibida nas enquisas foi de 3,72/7, comparado co 5,25 do curso pasado e o 5,82 do curso anterior. En canto aos mecanismos de avaliación, os estudantes outórganlle a este criterio unha valoración de 4,56/7, que pode considerarse satisfactoria. Todos os valores son inferiores aos recibidos o curso anterior, a pesar de que os mecanismos de coordinación e o volume de traballo seguen a ser os mesmos. Malia a que en cursos anteriores tamén se fixeran axustes para introducir unha maior carga práctica, a puntuación recibida neste criterio é cada curso máis baixa, o que non se pode explicar en termos de planificación das ensinanzas. Pensamos que a percepción dos estudantes pode ser subxectiva, debido a que os estudos de tradución son moi prácticos e os estudantes teñen unha percepción negativa da teoría. O descenso xeneralizado nas puntuacións deste indicador tamén pode deberse ao aumento do número de respostas recibidas. Os resultados das enquisas tratáronse especificamente nunha reunión da comisión académica do máster, que trasladou estas cuestións ao profesorado encargado das materias. Por último, os estudantes valoran nun 3,78/7 a coordinación entre profesores. Con todo, a coordinación no máster non recibiu ningunha queixa específica e ten dificultade en determinar onde pode haber erros de coordinación, posto que a planificación realizada é coordinada e atende as especificidades de cada módulo e materia fixando un coordinador de módulo e materia. No caso das materias de TFM e Prácticas, establécese un coordinador que se encarga de transmitir aos estudantes e os profesores titores a normativa aplicable, tanto externa como interna, e de informar a todo o profesorado afectado do desenvolvemento do proceso de asignación e realización do traballo e das prácticas. O coordinador do TFM asegúrase ademais de que as propostas de liñas de investigación son coordinadas e de que a carga de traballo estea repartida dun xeito equitativo entre titores. A coordinadora fixo un seguimento dende da implantación efectiva das materias a través de Faitic e non se detectaron problemas ao longo do curso. Para facer unha valoración máis completa dos datos precisaríamos ter acceso aos datos das enquisas de avaliación docente, que complementarían os resultados das enquisas de satisfacción. Contrastando os resultados da satisfacción co referente da titulación nas enquisas de avaliación docente, un 3,90/5 que supera o referente da universidade, obtemos unha visión máis positiva do grao de satisfacción real dos estudantes coas ensinanzas da titulación. Na opinión da comisión académica, os estudantes que cobren as enquisas de satisfacción son, na súa maioría, aqueles que desexan deixar constancia dos

aspectos que poden mellorar, polo que adoitan ser os máis críticos. Esta hipótese está en consonancia co uso que se adoita facer do buzón de suxestións, queixas e parabéns, onde as primeiras e os terceiros non son frecuentes. Ampliando a participación nas enquisas obteríase unha visión máis realista da satisfacción dos estudantes matriculados.

Profesorado (participación 63,16%)

Grao de satisfacción do PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino: 5,83 (12-13: 6,55).

Grao de satisfacción cos/coas estudantes: 5,62 (12-13: 4,92).

Os resultados son bastante satisfactorios. No caso do grao de satisfacción cos estudantes, o profesorado mostrou unha maior satisfacción con respecto ao curso pasado, en que se detectara unha certa pasividade dos estudantes. O profesorado amosa unha preocupación especial pola escasa utilización das horas de titoría, mais en xeral mostrou unha maior satisfacción ca no curso anterior.

TFM

A puntuación recibida nas enquisas de avaliación docente é moi positiva, cun 4,15/5. Dado que este é o primeiro curso de que dispoñemos desta información, non podemos establecer se as medidas adoptadas para este curso contribuíron a acadar este excelente resultado.

Prácticas

As prácticas profesionais seguen desenvolvéndose tal e como estaban definidas na memoria e réxense pola normativa de prácticas da Universidade de Vigo. Con todo, as dificultades de planificación temporal da materia poderían resolverse cun cambio no calendario dos estudos de máster da Uvigo que lles permitise ós/ás estudantes dispoñer dun período de realización máis longo despois de teren cursado todas as materias e adquirido as competencias necesarias para desenvolver as prácticas. A Universidade debería tomar medidas nun problema que afecta de maneira xeral aos mestrados e que, en parte, vén determinado por un calendario de curso que dá as costas ás necesidades destes estudos, máis que por un problema de oferta ou de incompatibilidade de horarios. O problema principal observado no desenvolvemento das prácticas está relacionado coa falta de adecuación do calendario académico dos másters fixado pola universidade.

Na valoración do cumprimento deste criterio que se fai no Informe de Seguimento (2012-13) dise: Se recomenda que se establezca una reflexión sobre la problemática de las prácticas que se corresponda con la propuesta de mejora realizada al respecto de este tema, aclarando si se trata de un problema de oferta o de incompatibilidad horaria. Tamén: Figura como buena práctica la realización de seminarios de coordinación para planificar y ajustar materias, cuando debería considerarse una acción habitual dentro del criterio 5. De acordo con isto, estableceuse como práctica habitual a realización de seminarios de coordinación e especificouse en maior medida o problema detectado para a realización das prácticas por parte dos estudantes de máster.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

Aumentouse a asistencia do alumnado ás clases presencias e tamén se aumentou significativamente a participación de alumnado e profesorado nas enquisas. Tamén se realizou un seguimento do desenvolvemento de todas as materias a través de Fatic.

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

- Aumentar o grao de satisfacción do alumnado co volume de traballo e coa carga de traballo práctico.
- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

2013_14_Grao_de_satisfaccion__Estudantado.pdf

Regulamento PAE.pdf

Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb

calendario_2013_14.pdf

historico enquisas mestrado.xlsx

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Planificación de las enseñanzas. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Aumentar o grao de satisfacción do alumnado co volume de traballo e coa carga de traballo práctico

Punto débil detectado

Nas enquisas reflíctese desconformidade do alumnado co volume de traballo e sinálase que os estudos son demasiado teóricos

Ámbito de aplicación

Mestrado

Responsable de su aplicación

CAM

Objetivos específicos

Obxectivo 1:

Aumentar o grao de satisfacción do alumnado co volume de traballo.

Obxectivo 2:

Aumentar o grao de satisfacción do alumnado coa carga de traballo práctico.

Actuaciones a desarrollar

Acción de mellora 1:

Axustar nalgunhas materias o volume de traballo individual e o volume de material bibliográfico de lectura obrigada.

Acción de mellora 2:

Aumentar o volume de actividades prácticas en materias para as que houbo propostas de mellora recibidas a través das enquisas.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

Sen custo /Sen custo

Indicadores de ejecución**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Satisfactorio

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos humanos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A información sobre o persoal académico e o seu perfil docente e investigador aparece na páxina web do título (<http://webs.uvigo.es/multitrad/node/3>). A información sobre o profesorado é ampla e inclúe unha foto, un breve CV, e un listado de datos de contacto e titorías.

O profesorado axéitase ás necesidades docentes do máster. Selecciónouse tentando combinar un perfil académico e un perfil profesional cos recursos dispoñibles. Na enquisa de satisfacción deste curso non hai datos con respecto ao profesorado. Fíxéronse enquisas sobre os docentes, mais non dispoñemos dos resultados detallados. Porén, a media da titulación para os docentes da plantilla supera os 4 puntos sobre 5 en todos os indicadores avaliados, o que nos indica un grao de satisfacción moi alto dos estudantes que responderon a enquisa co labor dos docentes do máster. Con todo, o número de enquisados foi moderado, xa que o procedemento para recoller información sobre os profesores mediante enquisas específicas presenciais non se axusta ás características do máster, posto que se trata dun máster semipresencial e non todos os estudantes asisten ás clases, polo que debería darse a opción de cubrir as enquisas de maneira telemática. Hai un número elevado de titulares de universidade (8) e tamén 4 profesionais autónomos, no conxunto dos 17 profesores. Isto permite unha orientación académica clara pero tamén profesionalizante. O profesorado autónomo contribúe ó coñecemento do mercado laboral e das condicións de traballo, materiais e ferramentas de traballo máis demandas no

sector.

O 66,66% dos créditos impartidos están a cargo do profesorado doutor.

No informe de avaliación da auditoría externa para a certificación do SGIC do centro sinálase unha non conformidade maior con respecto á implantación a nivel institucional dos procedementos PE02, PA05 e PA06, relacionados coa xestión do persoal. Os procedementos PE02, PA05 e PA06 deseñáronse desde unha perspectiva de funcionamento do centro cando a súa definición, despregamento e implantación responden a un marcado carácter institucional. A responsabilidade decisoria e executiva dos procesos de xestión do persoal (PDI e PAS) transcende a competencia dos centros, sen prexuízo das actividades que se desenvolven especificamente no centro.

A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan a xestión destes procesos no propio centro e, por este motivo, insitucionalmente decidiuse desenvolver as accións de mellora que se describen no plan de mellora asociado a este criterio.

Aínda que o grao de satisfacción dos alumnos cos servizos administrativos é alto (5,08/7), dende a coordinación do máster detéctase que o apoio administrativo e a asignación de PAS á titulación é insuficiente, polo que o coordinador do título, membro do persoal docente e investigador, debe investir unha boa parte do seu tempo de traballo realizando tarefas puramente administrativas.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2013-14

Aumentouse a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas.

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

- Redefinir (revisar e actualizar) os procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión como no académico) no SGIC do centro e incorporar como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro. Con esta última medida, preténdese obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións. Ademais, intégrase a información procedente de todos os departamentos, o que facilitará a comparación de políticas e necesidades.

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

- Suxerir melloras para a elaboración das enquisas do profesorado.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

OUTROS RECURSOS HUMANOS DA FFT.pdf

Profesorado Mestrado TM.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Recursos humanos. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Realizar propostas de opcións de realización de enquisas de valoración docente // Mellorara implicación do centro nos procesos de selección de persoal

Punto débil detectado

Baixa participación de alumnos nas enquisas de valoración docente.

Ámbito de aplicación

FFT // FFT e Universidade de Vigo

Responsable de su aplicación

Coordinador de título // Decanato e Área de Calidade

Objetivos específicos

- Mellorar a participación dos estudantes nas enquisas de valoración docente.
- Integrar a dimensión institucional nos procesos de selección de persoal no SGIC do centro.

Actuaciones a desarrollar

- Propoñer a realización telemática das enquisas de valoración docente nos mestrados semipresenciais.
- A nivel institucional actualizaranse e implantaranse os procesos de administración do persoal que substituirán os actuais PA05 e PA06. A nivel do centro, incorporáronse ao final do curso 2013-14 como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro para obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións, e mais integrar a información procedente de todos os departamentos, o que facilitará a comparación de políticas e necesidades.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15 // Cursos 2013-14 e 2014-15

Recursos / financiamiento

Sen custo

Indicadores de ejecución

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Plan Acci3ns Mellora_Auditoría certificaci3n SGIC_FFT.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos materiais e servizos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para o desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. A biblioteca contén os fondos mínimos para o desenvolvemento deste título, aínda que se deberían ampliar.

A plataforma de teledocencia permitiu un traballo axeitado na parte virtual e os laboratorios informáticos cubriron correctamente as necesidades da parte presencial. O uso do recurso da UVigo-TV foi satisfactorio e mellorou os prazos de publicación de contidos considerablemente. Foi moi positiva a experiencia co uso do servizo de gravación automatizada de clases.

O alumnado manifesta nas enquisas un nivel de satisfacción cos recursos de apoio ao ensino, en xeral, de 5,21/7,0; mentres que o grao de satisfacción en este mesmo apartado para o profesorado é de 6,00/7,0.

Existe o procedemento PA07 para a xestión de recursos materiais, e o PA08 para a xestión de servizos. Na auditoría externa para a certificación do SGIC do centro, o equipo avaliador detectou unha non conformidade maior na implantación dos procedementos relativos a este criterio, xa que o procedemento PA07 non se adapta á realidade funcional dos centros. Esta situación deu lugar a un Plan de mellora do funcionamento dos SGIC que inclúe unha revisión e actualización de toda a documentación de calidade asociada a estes procesos que xa se está levando a cabo e que finalizará en outubro de 2015.

Dende 2008, ano de aprobación da memoria, a Facultade fixo un investimento significativo na dotación de aulas de informática, unha aula máis, e de videoconferencia, unha aula máis. Tamén se habilitaron novas aulas para grupos pequenos de alumnado que permiten unha mellor impartición dos contidos formativos.

No anterior curso 2012-2013 detectáronse algúns conflitos entre usuarios das aulas dotadas de equipos de gravación e videoconferencia, xa que o procedemento de asignación de aulas para os mestrados non estaba regulado. No curso 2013-14 mellorouse este aspecto anticipando as necesidades e reservando os espazos necesarios ao comezo do curso.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2013-14

Aumentou a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas.

Aproveitouse ben o recurso da Uvigo-TV.

Non se adquiriu software, pero logrouse información sobre xestión de licencias para que os estudantes poidan utilizalas durante o curso.

Buenas prácticas

- Uso de recursos telemáticos. Seguimento das pautas recomendadas polo servizo de uvigo.tv para aproveitar mellor os recursos.

Propuestas de mejora



- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

- Buscar novos procedementos de reserva de aulas máis acorde coas necesidades dos mestrados con docencia non presencial ou semipresencial.

- Aplicar os novos procedementos de calidade relativos a este criterio elaborados pola Área de Calidade.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

-  2013_14_Grao_de_satisfaccion__Estudent.pdf
-  2013_14_Grao_de_satisfaccion__Profesor.pdf
- RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS DA FFT.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Recursos materiales y servicios. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Optimizar o uso de aulas con recursos de gravación automatizada / Aplicar os novos procedementos de calidade elaborados pola Área de Calidade

Punto débil detectado

Conflictos entre usuarios das salas con recursos de gravación / Falta de correspondencia dos procedementos actuais coa realidade do centro

Ámbito de aplicación

Mestrado / FFT e Universidade de Vigo

Responsable de su aplicación

Coordinador do título / Decanato e Área de Calidade

Objetivos específicos

Obxectivo 1:

Seguir optimizando o uso de aulas dotadas de equipamento de gravación automatizada de aulas.

Obxectivo 2:

- Implantar correctamente os procedementos de calidade relativos á xestión dos recursos materiais e servizos.

Actuaciones a desarrollar

Acción de mellora 1:

Solicitouse no curso 2012-2013 ó decanato a habilitación dun procedemento de asignación de aulas en función das necesidades técnicas dos diferentes mestrados impartidos na Facultade para cursos posteriores. Neste próximo curso 2014-15 temos que comprobar que, efectivamente, este sistema funciona axeitadamente. Para iso é importante que sigamos a anticipar as necesidades de recursos materiais e reservalos a comezo de curso.

Acción de mellora 2:

- Aplicar os novos procedementos de calidade unha vez estean elaborados.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15 /cursos vindeiros

Recursos / financiamiento

Sen custo /Sen custo

Indicadores de ejecución

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Plan Acci3ns Mellora_Auditoría certificaci3n SGIC_FFT.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Resultados previstos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

No ano 2011 foi o primeiro en que se fai unha avaliación dos indicadores máis relevantes e dos resultados de avaliación, que aparecen a seguir. O procedemento PC12 do MSGIC está deseñado para esta avaliación.

O grao de satisfacción global do alumnado coa titulación é de 4,65/7, o que reflicte a ausencia de percepción de problemas de importancia.

Non se considerou necesaria a definición de novos indicadores á parte dos xa previstos (eficiencia, rendemento, abandono, graduación).

O arquivo anexo ("132013-14_Taxas_Master_TM") inclúe unha comparativa entre os cursos académicos 2010-11, 2011-12, 2012-13 e 2013-14 no que atinxe a: taxa de éxito, o número de prazas de novo ingreso ofertadas, a taxa de rendemento, o ratio de prazas demandadas/ofertadas, os estudantes preinscritos sobre prazas ofertadas, a nota media de acceso, a variación da matrícula de novo ingreso no 1º curso respecto ó curso anterior, a taxa de abandono, a taxa de

graduación e a taxa de eficiencia. Tamén inclúe unha media de cada un dos apartados reseñados anteriormente dende o curso 2010-11 ata o curso 2012-13.

A taxa de graduación deste máster mellorou significativamente con respecto ao curso pasado grazas ás medidas tomadas para facilitar que os estudantes cursen a materia de prácticas en prazo. A taxa de abandono é de 0 (o curso anterior foi de 3 abandonos), e tanto a de éxito (99,30%) como a de eficiencia (95,07%) superan o 94% (o cal significa un crecemento respecto ao curso anterior), o que é un moi bo indicador do interese do máster.

Durante a realización das enquisas de avaliación docente rexistráronse incidencias relacionadas con problemas de xestión de espazos e datas propios da empresa que realizou as enquisas. A planificación da empresa non resultou axeitada, polo que sería conveniente que a Universidade reflexionase sobre a idoneidade de vehicular a realización de enquisas a través dun servizo privado. Por outra banda, nas titulacións con réxime semipresencial non parece axeitado o sistema actual de realización de enquisas, exclusivamente presencial.

Sobre a inserción laboral non hai datos concluíntes. A ACSUG elabora uns informes de inserción que nestes momentos non están aínda actualizados. A Área de Calidade da Uvigo está a preparar unha enquisa sobre inserción que servirá, cando estiver feita, para avaliar os datos dos últimos tres anos.

Na valoración do cumprimento deste criterio que se fai no Informe de Seguimento (2012-13) dise: En relación a la propuesta de mejora de flexibilizar “a programación temporal do máster” se debe primero definir el punto débil de las prácticas externas para luego realizar una propuesta de mejora adecuada. De acordo con isto, e tal como se referiu no apartado dedicado á planificación das ensinanzas, adiantáronse os prazos de solicitude de realización de prácticas para que puidesen comezar antes. Con todo, sería preciso que institucionalmente se recoñecese a necesidade de adecuar o calendario académico á realidade dos másters.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

Aumentou a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas.

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

Trasladar o interese de flexibilizar a programación temporal do máster para lograr unha maior taxa de graduación nun curso.

Breve descripción de las modificaciones

Justificaciones de las modificaciones

Cumplimento dos obxectivos de calidade.docx

Taxas Máster TM.docx

historico enquisas mestrado.xlsx

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Resultados previstos. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Transmitirlle a Área de Posgrao a necesidade de flexibilizar o calendario académico de posgrao.

Punto débil detectado

Baixa graduación debido a que non poden presentar o TFM ou rematar as prácticas.

Ámbito de aplicación

FFT / Universidade de Vigo

Responsable de su aplicación

CAM / Decanato / Universidade de Vigo

Objetivos específicos

Transmitirlle a Área de Posgrao a necesidade de flexibilizar o calendario académico de posgrao.

Actuaciones a desarrollar

Transmitirlle a Área de Posgrao a necesidade de flexibilizar o calendario académico de posgrao.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

Sen custo

Indicadores de ejecución

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "SGC" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A Facultade presentou un SGIC que foi validado pola ACSUG. Este sistema pretende regulamentar o seguimento da accións relacionadas co control da calidade no centro.

O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Garantía Interna de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que os seus integrantes varían cada curso. Durante o curso 2013-14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. Ademais, no mes de xuño producíronse cambios no equipo decanal (Vicedecano de Organización Académica e Vicedecano de Calidade), mais só afectou á composición da comisión de calidade o cambio de Vicedecano de Calidade. Aínda que dende o centro se vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación dos estudantes e dos egresados nos órganos de representación do centro fai que actualmente non existan representantes destes grupos de interese na Comisión. Como xa se indicou anteriormente, este problema foi sinalado pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior e xa están previstas as accións de mellora que se recollen no plano de mellora correspondente a este criterio.

No curso 2013-14, do mesmo xeito que en cursos anteriores, no centro aplicáronse os procedementos de calidade relativos á avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado (DO 0102, DO 0201, PM01) e analizáronse os resultados dos diferentes indicadores de calidade. Tamén se aplican os procedementos referentes a prácticas externas e mobilidade (DO0204 e DO 0205) e os referidos á satisfacción dos diferentes colectivos e aos criterios de extinción (PM01, PA03, PA04, DO 0103). Detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes, mais a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto. Os procedementos de calidade do SGIC están experimentando un proceso de modificación coordinado e dirixido pola Área de Calidade, polo que durante o curso 2013-14 se foron aplicando os procedementos pertinentes seguindo as directrices da Área de Calidade a este respecto no referente á súa vixencia.

A Área de Calidade da UVigo forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información. O ano pasado detectáronse certos problemas no proceso de implantación do SGIC.

1. Difusión deficiente do concepto de "calidade" e do propio sistema no centro. Para corrixirmos isto, a Comisión de Calidade fixo públicos os informes de resultados anuais, cunha análise das taxas asociadas ó sistema, do cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, dos resultados das enquisas de satisfacción e dos resultados académicos. Tamén, a aprobación por parte da Xunta de Facultade dos autoinformes correspondentes ó curso 2012-2013 fixo que se coñecese mellor o traballo da CC e o desenvolvemento xeral das titulacións.

2. A excesiva burocratización dos procedementos do SGIC complicaba o traballo dos responsables do sistema e, tamén, a comprensión do propio concepto de calidade. Para simplificar os procedementos, a Área de Calidade da Universidade de Vigo decidiu facer unha proposta de redución dos rexistros asociados, proposta que se discutiu en grupos de traballo formados por membros das comisións de calidade dos distintos centros. Durante os meses de xuño e xullo de 2013 avaliáronse os novos procedementos en dous grupos de traballo formados polos membros da Comisión de Calidade. Destas reunións saíron propostas que foron enviadas á Área de Calidade. En xullo de 2013 os novos procedementos foron aprobados pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade.

3. Conseguiuse a participación dun membro do PAS na Comisión de Calidade, pero non houbo candidaturas do alumnado. Cremos que o método de traballo desta comisión é alleo e relativamente pouco interesante para o alumnado.

4. Sobre a aplicación informática en que se almacenan os rexistros asociados ós procedementos do manual do sistema, hai que dicir que este ano se abriu ós coordinadores dos títulos. Isto axudará a que se faga máis doado e áxil o rexistro das probas documentais.

5. Durante o curso 2012-13 rexistráronse as probas documentais asociadas ós procedementos do manual de calidade seguindo o calendario suxerido pola Área de Calidade.

En xaneiro de 2013 fíxose a renovación anual da Comisión de Calidade.

Existen os procedementos PE01 e PM01 para a definición e mellora da política e obxectivos de calidade.

A análise da consecución dos obxectivos de calidade do centro pódese consultar no apartado "xustificación".

En setembro de 2013 o Vicedecanato de Calidade solicitou dos membros da facultade a opinión sobre os obxectivos de calidade vixentes e sobre unha proposta de mellora. Recibíronse 5 respostas que foron avaliadas na Comisión de Calidade da última semana de outubro de 2013.

Consúltense os apartados sobre competencias e obxectivos e planificación deste autoinforme para a análise dos datos sobre resultados académicos.

O MSGIC recolle procedementos que avalían todos os apartados da memoria. Os datos obtidos serven para a planificación do curso seguinte.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

Difundir o concepto de "calidade" no centro. En maio de 2013 convidouse a tódolos membros da Xunta de Facultade a participar nunha reunión aberta da Comisión de Calidade na que se ían expoñer os novos procedementos do MSGIC. Recoñecemos que a convocatoria non tivo éxito, xa que só asistiron 2 profesores alleos á Comisión. Como xa se comentou, tamén se solicitou a colaboración da Facultade para o deseño dos novos obxectivos de calidade. A resposta foi moi baixa. De todo isto tiramos a conclusión de que os procedementos de calidade seguen a ser pouco considerados. Cremos que hai que buscar a maneira de estender a cultura da calidade a tódolos interesados, aínda que entendemos que é un labor extremadamente difícil. O anterior non quere dicir que haxa un rexeitamento a colaborar cos procesos de mellora continua da docencia e da xestión. O profesorado considera que esa mellora é fundamental, e nela está implicado, pero

non valora suficientemente o sistema de calidade.

Buenas prácticas

Comisión de Calidade aberta.

Redacción conxunta dos obxectivos de calidade.

Incorporar os directores de departamento á comisión de calidade.

Propostas de mejora

- Sensibilización do estudiantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT. Nomeamento de representantes de cada curso dentro do PAT do centro coa finalidade de conseguir que o estudiantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.

- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro.

- En vista da imposibilidade de convocar eleccións á Xunta de Centro antes de decembro de 2015, establécese como medida anticipada propoñer o nomeamento na próxima xunta de centro do representante do sector de alumnado.

En todo caso, o Manual de Calidade, en que se establece a estrutura da Comisión de Calidade, será obxecto de actualización no cuarto trimestre de 2014.

- Mellorar a accesibilidade da información na páxina web do centro.

- Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Aprobación incorporación Departamentos á CC.pdf

IP Certif.FFTraducion_Vigo.pdf

MEMBROS COMISIÓN DE CALIDADE 2009-2014.pdf

Plan Accións Mellora_Auditoría certificación SGIC_FFT.pdf

Regulamento Interno da Comisión de Calidade.tif

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Participación do alumnado nos órganos de goberno e decisión / Campaña captación membros Xunta Centro / Nomear representante temporal alumnado na Com. Calidade / Mellorar web / Divulgar SGIC

Punto débil detectado

Alumnado non participa / Case non hai representantes en Xunta de Centro / Non hai alumnado na Com. Calidade / Web pouco doada de manexar / Escaso coñecemento SGIC

Ámbito de aplicación

Facultade Filoloxía e Tradución

Responsable de su aplicación

Decanato / Decanato / Decanato / Decanato / Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT

Objetivos específicos

- Conseguir unha maior participación do alumnado nos órganos de goberno e decisión do Centro.
- Acadar unha maior representación do alumnado na Xunta de Centro.
- Acadar representación de alumnado na Comisión de Calidade.
- Mellorar a accesibilidade da información pública na páxina web do centro facéndoa máis doada de manexar.
- Estender o coñecemento do SGIC entre o alumnado e o profesorado.

Actuaciones a desarrollar

- Sensibilización do estudantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT. Nomeamento de representantes de cada curso dentro do PAT do centro coa finalidade de conseguir que o estudantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.
- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro.
- En vista da imposibilidade de convocar eleccións á Xunta de Centro antes de decembro de 2015, establécese como medida anticipada propoñer o nomeamento na próxima xunta de centro do representante do sector de alumnado. En todo caso, o Manual de Calidade, en que se establece a estrutura da Comisión de Calidade, será obxecto de actualización no cuarto trimestre de 2014.
- Mellorar a páxina web do centro para facer máis visible e atractiva a información pública.
- Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

Periodo de ejecución

curso 2014-15 (no caso das dúas primeiras propostas, os resultados non se poderían verificar até o curso 2015-16, despois da convocatoria de eleccións de representantes do alumnado)

Recursos / financiamiento

sen custo agás a renovación da páxina web (custo descoñecido)

Indicadores de ejecución

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Calendario de implantación" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A implantación do título realizouse sen ningún problema en 2010.

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos e non causan ningún problema.

O cronograma de implantación está público en http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1564:tm10--calendario-de-implantacion

A guía de adaptacións para o estudantado que provén dos títulos que se extinguen está publicada en http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1564:tm10--calendario-de-implantacion

Buenas prácticas**Propuestas de mejora****Breve descripción de las modificaciones**

Justificación de las modificaciones

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores



MESTRADO EN TM.pdf

Evidencia de:

Máster en Traducción Multimedia

Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".



TÁBOA MESTRADO TRADUCIÓN MULTIMEDIA 13-14.docx